

1. líder

Ligas provinciais

A próxima fin de semana chega a quenda das competicións infantil e cadete

COMEZOU O ESPECTÁCULO

A temporada para o fútbol base lucense arrancou esta fin de semana coas primeiras xornadas das competicións superiores. O CD Lugo na División de Honra xuvenil, Liga Galega cadete e infantil e o RC Villalbés B de xuvenil Galega estreáronse con vitoria

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
R. Ferrol - Ural CF	4-1
Val Miñor - Bansasder	0-1
Marina Sport - R. Ovieiro	0-2
Conxo - Sp. Gijón	1-2
At. Perines - R. Santander	1-3
Calasanz - CD Lugo	1-3
R. Avilés - Deportivo	0-3
RC Celta - TSK Rocas	3-2

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RACING FERROL	3	1	1	0	0	4	1
RC DEPORTIVO	3	1	1	0	0	3	0
R SANTANDER	3	1	1	0	0	3	1
CD LUGO	3	1	1	0	0	3	1
REAL OVIEIRO	3	1	1	0	0	2	0
RC CELTA	3	1	1	0	0	3	2
SPORTING GUION	3	1	1	0	0	2	1
BANSANDER	3	1	1	0	0	1	0
TSK ROCAS	0	1	0	0	1	2	3
CONXO SANTIAGO	0	1	0	0	1	1	2
ED VAL MINOR	0	1	0	0	1	0	1
CD CALASANZ	0	1	0	0	1	1	3
ATL PERINES	0	1	0	0	1	1	3
MARINA SPORT	0	1	0	0	1	0	2
URAL CF	0	1	0	0	1	1	4
REAL AVILES CF	0	1	0	0	1	0	3

PRÓXIMA XORNADA

Sp. Gijón - At. Perines	Deportivo - RC Celta
Ural CF - Conxo	TSK Rocas - Marina Sp.
Bansasder - R. Ferrol	R. Ovieiro - Val Miñor
CD Lugo - R. Avilés	R. Santander - Calasanz

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
UD Ourense - O Val	2-2
Victoria CF - CD Choco	0-1
Pabellón - EF Lalín	4-2
Pontevedra - RC Villalbés	4-2
Valladares - Porriño CF	2-0
CD Lugo B - CD Areosa	2-2
Deportivo B - Alondras	3-4
Val Miñor B - RC Celta B	0-2
R. Bouzas - Ourense CF	2-2

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
PABELLON C.F.	3	1	1	0	0	4	2
PONTEVEDRA C.F.	3	1	1	0	0	4	2
VALLADARES	3	1	1	0	0	2	0
R.C. CELTA "B"	3	1	1	0	0	2	0
ALONDRA C.F.	3	1	1	0	0	4	3
C.D. CHOCO	3	1	1	0	0	1	0
C.D. AREOSA	1	1	0	1	0	2	2
C.D. LUGO "B"	1	1	0	1	0	2	2
RAPIDO BOUZAS	1	1	0	1	0	2	2
OURENSE C.F.	1	1	0	1	0	2	2
S.D. O VAL	1	1	0	1	0	2	2
U.D. OURENSE	1	1	0	1	0	2	2
DEPORTIVO "B"	0	1	0	1	0	3	4
VICTORIA C.F.	0	1	0	0	1	0	1
E.F. LALIN	0	1	0	0	1	2	4
RC VILLALBES	0	1	0	0	1	2	4
VAL MINOR "B"	0	1	0	0	1	0	2
PORRINO C.F.	0	1	0	0	1	0	2

PRÓXIMA XORNADA

O Val - R. Bouzas	CD Areosa - Valladares
Choco - UD Ourense	Alondras - CD Lugo B
EF Lalín - Victoria	Celta B - Deportivo B
RC Villalbés - Pabellón	Ourense CF - Val Miñor B
Porriño - Pontevedra	

XUVENIL L. GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Victoria B - Estrada FB	3-3
Calasanz B - Orillamar	2-1
Viveiro CF - Conxo B	2-9
Bergantiños - Montañeros	1-3
RC Villalbés B - Dumbria	2-1
San Tirso - Ural B	1-2
G. Caranza - As Pontes	4-2
Compostela - Residencia	3-1
CD Boiro - RC Ferrol B	2-1

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
C.D. CONXO "B"	3	1	1	0	0	9	2
G. CARANZA	3	1	1	0	0	4	2
MONTANEROS C.F.	3	1	1	0	0	3	1
S.D. COMPOSTELA	3	1	1	0	0	3	1
C.D. BOIRO	3	1	1	0	0	2	1
CALASANZ "B"	3	1	1	0	0	2	1
R. VILLALBES "B"	3	1	1	0	0	2	1
URAL C.F. "B"	3	1	1	0	0	2	1
ESTRADA	1	1	0	1	0	3	3
VICTORIA C.F. "B"	1	1	0	1	0	3	3
C.F. DUMBRIA	0	1	0	0	1	1	2
ORILLAMAR S.D.	0	1	0	0	1	1	2
R. FERROL "B"	0	1	0	0	1	1	2
SAN TIRSO S.D.	0	1	0	0	1	1	2
C.D. AS PONTES	0	1	0	0	1	2	4
BERGANTIÑOS	0	1	0	0	1	1	3
S.D. RESIDENCIA	0	1	0	0	1	1	3
VIVEIRO C.F.	0	1	0	0	1	2	9

PRÓXIMA XORNADA

Estrada FB - CD Boiro	Ural B - RC Villalbés B
Orillamar - Victoria B	As Pontes - San Tirso
Conxo B - Calasanz B	Residencia - G. Caranza
Montañeros - Viveiro CF	RC Ferrol B - Compostela
Dumbria - Bergantiños	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS	
Victoria CF - Val Miñor	3-1
Bergantiños - Conxo	1-1
Pabellón - Arosa SC	2-1
AJ Lerez - San Tirso	0-3
RC Celta - Pontevedra	6-2
CD Lugo - Ural CF	1-2
RC Deportivo - Bertamirans	4-0
X. Oroso - Calasanz	1-1
Coruxo - R. Ferrol	2-2

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	3	1	1	0	0	6	2
R.C. DEPORTIVO	3	1	1	0	0	4	0
SAN TIRSO S.D.	3	1	1	0	0	3	0
VICTORIA C.F.	3	1	1	0	0	3	1
PABELLON C.F.	3	1	1	0	0	2	1
URAL C.F.	3	1	1	0	0	2	1
CORUXO F.C.	1	1	0	1	0	2	2
RACING FERROL	1	1	0	1	0	2	2
BERGANTIÑOS C.F.	1	1	0	1	0	1	1
C.D. CALASANZ	1	1	0	1	0	1	1
C.D. CONXO	1	1	0	1	0	1	1
X. OROSO	1	1	0	1	0	1	1
AOSA S.C.	0	1	0	0	1	1	2
C.D. LUGO	0	1	0	0	1	1	2
VAL MINOR	0	1	0	0	1	1	3
AJ. LEREZ	0	1	0	0	1	0	3
PONTEVEDRA C.F.	0	1	0	0	1	2	6
BERTAMIRANS C.F.	0	1	0	0	1	0	4

PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor - Coruxo	Ural CF - RC Celta
Conxo - Victoria	Bertamirans - CD Lugo
Arosa SC - Bergantiños	Calasanz - Deportivo
San Tirso - Pabellón	R. Ferrol - X. Oroso
Pontevedra - AJ Lerez	

CADETE L. GALEGA NORTE

RESULTADOS	
CD Lugo - Victoria CF	5-0
Calasanz B - Deportivo B	1-1
Viveiro CF - Conxo B	1-2
Dumbria - Montañeros	0-2
RC Villalbés - R. Ferrol B	2-3
San Tirso B - Ural B	3-1
G. Caranza - Bergantiños B	3-1
Compostela - Milagrosa	2-0
Boiro - Imperator	3-0

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
C.D. LUGO "B"	3	1	1	0	0	5	0
BOIRO	3	1	1	0	0	3	0
GALICIA CARANZA	3	1	1	0	0	3	1
SAN TIRSO S.D. "B"	3	1	1	0	0	3	1
MONTANEROS C.F.	3	1	1	0	0	2	0
S.D. COMPOSTELA	3	1	1	0	0	2	0
R. FERROL "B"	3	1	1	0	0	3	2
C.D. CONXO "B"	3	1	1	0	0	2	1
CALASANZ "B"	1	1	0	1	0	1	1
DEPORTIVO "B"	1	1	0	1	0	1	1
R. VILLALBES	0	1	0	0	1	2	3
VIVEIRO C.F.	0	1	0	0	1	1	2
BERGANTIÑOS "B"	0	1	0	0	1	1	3
URAL C.F. "B"	0	1	0	0	1	1	3
SAN TIRSO S.D.	0	1	0	0	1	0	2
MILAGROSA	0	1	0	0	1	0	2
IMPERATOR A.R.	0	1	0	0	1	0	3
ESTRADA FB	0	1	0	0	1	0	5

PRÓXIMA XORNADA

Estrada FB - Boiro	Ural B - R. Villalbés
Deportivo B - CD Lugo B	Bergantiños B - S. Tirso B
Conxo B - Calasanz B	Milagrosa - G. Caranza
Montañeros - Viveiro CF	Imperator - Compostela
R. Ferrol B - Dumbria	

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
CD Lugo - Victoria CF	1-0
Bergantiños - RC Deportivo	Xav.
SD Viveiro - G. Caranza	1-4
Victoria - San Tirso	5-2
Narón - R. Ferrol	2-1
Calasanz - Ural	1-3
Conxo - Bertamirans	Merc.
Montañeros - Salvora	8-0
EF Lalín - X. Oroso	0-4

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
MONTANEROS C.F.	3	1	1	0	0	8	0
X. OROSO	3	1	1	0	0	4	0
VICTORIA F.C.	3	1	1	0	0	5	2
GALICIA CARANZA	3	1	1	0	0	4	1
URAL C.F.	3	1	1	0	0	3	1
NARÓN O FREIXO	3	1	1	0	0	2	1
C.D. LUGO	3	1	1	0	0	1	0
BERGANTIÑOS C.F.	0	0	0	0	0	0	0
BERTAMIRANS F.C.	0	0	0	0	0	0	0
C.D. CONXO	0	0	0	0	0	0	0
R.C. DEPORTIVO	0	0	0	0	0	0	0
RACING FERROL	0	1	0	0	1	1	2
VICTORIA C.F.	0	1	0	0	1	0	1
C.D. CALASANZ	0	1	0	0	1	1	3
SAN TIRSO S.D.	0	1	0	0	1	2	5
S.D. VIVEIRO "A"	0	1	0	0	1	1	4
E.F. LALIN	0	1	0	0	1	0	4
SALVORA C.F.	0	1	0	0	1	0	8

PRÓXIMA XORNADA

Victoria - EF Lalín	Ural - Narón
RC Deportivo - CD Lugo	Bertamirans - Calasanz
G. Caranza - Bergantiños	Salvora - Conxo
San Tirso - SD Viveiro	X. Oroso - Montañeros
R. Ferrol - Victoria	



**REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL
FÚTBOL SALA**

QUERES VIVIR O FÚTBOL SALA DESDE DENTRO?

FAITE ÁRBITR@

INSCRICIÓN ABERTAS!!

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

A Coruña
coruna.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Ferrol
ferrol.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Santiago de Compostela
santiago.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Lugo
lugo.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Mariña Lucense
amarina.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Ourense
ourense.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Pontevedra
pontevedra.arbitrosfutbolsala@futgal.es

Vigo
vigo.arbitrosfutbolsala@futgal.es

981 900 600

Todos unidos polo fútbol galego

www.futgal.es

INFANTIL 1º Aut. NORTE

RESULTADOS	
Castro - EF Viveiro	-
Guitiriz - CD Foz	-
SD Ribadeo - Burela SD	-
SD Viveiro B - Rio Oure	-
Pontenova - RC Villalbés B	-

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
A.D. RIO OURO	0	0	0	0	0	0	0
BURELA S.D.	0	0	0	0	0	0	0
C.D. CASTRO	0	0	0	0	0	0	0
C.D. FOZ	0	0	0	0	0	0	0
E.F. VIVEIRO	0	0	0	0	0	0	0
GUITIRIZ S.D.	0	0	0	0	0	0	0
RC VILLALBES "B"	0	0	0	0	0	0	0
S.D. VIVEIRO "B"	0	0	0	0	0	0	0
SD RIBADEO	0	0	0	0	0	0	0
SP PONTENOVA	0	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

EF Viveiro - Pontenova	Rio Oure - SD Ribadeo
CD Foz - CD Castro	Villalbés B - SD Viveiro B
Burela SD - Guitiriz	

INFANTIL 1º Aut. SUR

RESULTADOS	
SD Antas – Ferroviaria B	-
Becerreá – CD Corgo	-
Residencia B – Casás B	-
Piringalla A – Polvorín B	-
Palas – Sarriana	-

O Lugo segue sendo fiel aos inicios de tempada triunfais

QUINTO ANO CONSECUTIVO QUE ARRINCAN CON VITORIA na xornada inaugural da máxima categoría do fútbol base. Sete xogadores debutaron oficialmente como albivermellos

Distintos protagonistas pero mesma dinámica no inicio de tempada para o Lugo na máxima categoría do fútbol base nacional.

A principal novidade está no banquiño coa presenza de Juan Subirán á fronte dun equipo no que debutaron ata sete xogadores coa camiseta albivermella en partido oficial. Pese a iso, o costume de empezar gañando mantense e por quinta tempada consecutiva o Lugo empezou cun triunfo na División de Honra.

Nesta ocasión a posta en escena foi na Grela ante un Calasanz que se adiantou no marcador ao fio do cuarto de hora inicial cun balón longo no que Abeal bateu a Losada tras superalo no man a man.

O Lugo púxose o mono de traballo e igualou en intensidade o encontro e o marcador ao rematar Martín un saque de esquina, asinando deste xeito o ex xogador do Kelme o seu primeiro gol oficial como xogador do CD Lugo.

No descanso Subirán retocou o equipo e o Lugo conseguiu levar o balón á banda e atopou situacións de dous para un que lle deron maior profundidade e protagonismo en campo rival. A entrada de Shuster no terreo de xogo deu-lle un plus de pegada ao equipo e o propio Shuster foi o autor do un a dous ao culminar unha acción de condución de balón coa que se presentou ante o porteiro herculino.

Co marcador a favor

CALASANZ	1	3	CD LUGO
Gol: Abeal			Goles: Martín e Schuster (2)

Árbitro: Rubén Eniz, Alexandre Repesas e Ignacio Crespo. Campo: A Grela I

"PARTIDO MUY DISPUTADO QUE SE RESOLVIÓ A NUESTRO FAVOR EN LA SEGUNDA PARTE POR PEQUEÑOS DETALLES" JUAN SUBIRÁN, CD Lugo

o Lugo tivo máis pausa co balón e puxo terra polo medio no electrónico co un a tres a falta de media hora para o final do encontro, de novo con Shuster como protagonista; nesta ocasión ao ver portaría cun preciso remate de cabeza.

A partir de aí o Lugo escondeulle o balón ao Calasanz e ata puido aumentar a diferenza con algunha contra, men-

tres que os locais tan só inquietaron a Losada nalgunha acción illada con balóns colgados á área lucense.

Próxima xornada

O Lugo debutará na casa ante o Real Avilés asturiano, conxunto que cedeu na primeira xornada por cero goles a tres ante o Deportivo da Coruña que esta tempada dirixe o ex do Lugo, Álex Antón.



Os xogadores do Lugo celebrando o un a dous de Shuster co que remontaban o partido

7

XOGADORES DEBUTARON en partido oficial coa camiseta albivermella: Vila, Fidalgo, Luis, Gómez, Coello, Ernesto e Martín. Repetindo da tempada pasada, de inicio, tan só o porteiro Losada, Gabarre e Xabi Domínguez, mentres que Damián subiu do xuvenil B

5

TEMPADAS CON VITORIA

na primeira xornada. Na 2015/2016 gañaron 2-0 ao Peirín, na 16/17 ao Pabellón por 0-3, na 17/18 ao Areosa por 2-0, a campaña pasada por 0-2 en Cangas ante o Alondras e esta na Coruña ante o Calasanz por 1-3.

4

AUSENCIAS tivo Subirán na xornada inaugural. O central Cristian, os centrocampistas Xabi Becerra e David Guitián, e o dianteiro Óscar Vizcaino. Todos eles por arrastrar problemas físicos



Shuster, autor de dous goles, conducindo o balón na Grela



Gabarre presionando a un defensa do Calasanz



Ernesto, nova incorporación procedente do Victoria

TEMPADA 2019 / 2020



Juan Subirán dando instrucións dende a banda

PLANTEL CD LUGO A

O LUCENSE JUAN SUBIRÁN VOLVE Á CASA PARA TOMAR AS RENDAS DO XUVENIL A

Subirán será o adestrador do CD Lugo de División de Honra xuvenil. O lucense volve á casa tras facer carreira como adestrador na Coruña, onde dirixiu equipos de base do Deportivo e o Atlético Coruña. Antes, Juan Subirán pasou na súa etapa como xogador por todas as categorías do fútbol base do CD Lugo.

A era Álex Antón chegou ao seu fin logo de tres tempadas nas que o equipo rozou o sobresainente na máxima competición. O xa ex adestrador albivermello dirixirá esta tempada ao Deportivo de División de Honra.

Ademais da chegada de Subirán ao banquiño, que contará con Hugo como segundo adestrador, hai moitas caras novas sobre o terreo de xogo cun total de 9 fichaxes. O porteiro Chanza, que chega do Valencia, Vila do Celta, Fidalgo do Pabellón, Luis do Pontevedra, Eloy do Bergantiños, Coello do Victoria, Gómez do Espanyol, Ernesto do Victoria e Martín do Kelme, Unírase a eles Xabi Becerra, que se perde o inicio de tempada por unha lesión pero que será un reforzo máis cando poida estar ás ordes de Juan Subirán.



Cholas e Nanito dando instrucións a Abel e Nico



Speedy debutou e foi o mellor xogador do partido



Abel formou dupla de ataque con Gabri en Pontevedra

O Villalbés saíu mal parado da ruleta rusa

OS DE CHOLAS ENCAIXARON CATRO GOLES nun encontro no que malia iso, tiveron opcións de puntuar ata o último minuto

O Rácing Villalbés debutou esta tempada na Liga Nacional xuvenil cun partido atípico, xa que os de Cholas fallaron nun dos seus puntos fortes como é a solvencia defensiva ante un equipo chamado a estar nos postos de cabeza para intentar volver á máxima categoría, a División de Honra, competición da que descendeu o Pontevedra a pasada tempada.

A posta en escena local foi intensa, sen deixar que o Villalbés se asentase no terreo de xogo, e antes do cuarto de hora inicial chegou o un a cero. O balón puido desencadear en sentenza, xa que o Pontevedra estrelou dous balóns no largueiro antes de chegar ao ecuador da primeira parte.

A partir de aí o Rácing, que saíu con vida do tramo inicial, puido coller algo de osíxeno e igualou forzas ata o punto de acariñar o



Árbitro: Daniel Pastoriza. Borja Millán, Hugo Argibay. Campo: Chan de Monte

un a un antes do descanso, cunha clara ocasión do debutante Speedy e un remate marca da casa de Anxo á saída dun córner.

Ao descanso as sensacións eran mellores e ao comezo da segunda metade o Villalbés deu continuidade aínda que arriscou en exceso deixando espazos á

contra que aproveitaron os locais para ampliar a vantaxe ata o dous a cero.

A resposta chairrega non se fixo esperar e chegou da man de Gabri, que debutou en Liga Nacional facendo o seu primeiro gol da tempada cun centro chut co que meteu de novo ao Villalbés na loita

"COMPETIMOS SOLO POR MOMENTOS, Y ESO, EN ESTA CATEGORÍA SE PAGA CON UNA DERROTA. AHORA A TRABAJAR PARA SER MÁS CONSTANTES EL PRÓXIMO FIN DE SEMANA"

CHOLAS, Rácing Club Villalbés

polos puntos.

O partido entrou nunha fase de ida e volta na que a solvencia defensiva do Rácing Villalbés viuse superada. O tres a un á hora de xogo volvía poñer costa arriba o encontro, pero o Villalbés volveu soñar cos puntos ao recortar distancias co tres a dous logo dun autogol do Pontevedra.

Nos últimos vinte minutos os locais conseguiron durmir un pouco o encontro á vez que o Villalbés armouse atrás consciente de que algunha ocasión chegaría á contra para poder salvar parte do botín

en xogo.

Con todas as espadas no alto chegouse aos últimos minutos, nos que a moeda caeu ao lado local ao asinar o Pontevedra o definitivo catro a dous no último suspiro, co que se aseguraron os tres primeiros puntos en xogo no seu retorno á Liga Nacional, competición na que esperan estar de paso e volver canto antes á División de Honra xuvenil.

Próxima xornada

O Rácing Villalbés debutará en partido oficial esta tempada no Estadio Roca ante o Pabellón Ourense, nun encontro no que os de Cholas esperan ser máis sólidos atrás e manter as boas sensacións que deixou o equipo en ataque no

debut ligueiro para sumar os tres puntos.

1º

GOL DE GABRI

O pichichi cadete da tempada pasada e clave no ascenso do xuvenil B á Liga Galega, arrincou a tempada marcando no seu debut na Liga Nacional

15

XOGADORES forman o plantel do primeiro equipo xuvenil, polo que cada xornada Cholas tirará do filial que compite na Liga Galega para completar as convocatorias

TEMPADA 2019 / 2020



SEGUE A APOSTA POLA CONTINUIDADE E POLA FORMACIÓN DE XOGADORES PARA O PRIMEIRO EQUIPO DO RÁcing CLUB VILLALBÉS

Coa mirada posta na categoría de prata do fútbol base xuvenil, pero sobre todo co obxectivo de seguir nutrido de persoal ao primeiro equipo do club chairgo, afronta Cholas a súa segunda tempada dirixindo ao equipo da Liga Nacional xuvenil.

O reto de que Simón Lamas conte con varios xogadores en Terceira División ao longo da tempada é o principal obxectivo, ata por diante dunha permanencia que semella accesible. Cholas conta cun plantel curto, de 15 xogadores, polo que tirará cada semana do xuvenil B que esta tempada volve competir en Liga Galega.

Apenas catro reforzos chegaron ao Roca este verán, Xairo, xogador de longo percorrido por banda dereita procedente do CD Lugo, Speedy, do Polvorin, Asier de Castro e Iago Buján, que tras formarse na Milagrosa e facer escala no Oza Xuvenil, volve ao fútbol base lucense da man do Villalbés.

O buque insignia do equipo será o capitán Anxo, que xa ven chamando con forza ás portas do primeiro equipo nas últimas tempadas e que xunto con David, Lois e Rares son habituais nos adestramentos semanais co equipo de Terceira División dirixido por Simón Lamas.

A xeración dourada do CD Lugo debuta en Nacional cun puntazo

OS ALBIVERMELLOS EMPATARON NOS MINUTOS FINAIS TRAS IR PERDENDO 2-0 ante un Areosa máis físico, pero que rematou coa luz da reserva acendida tras quedarse con 10 xogadores

CD LUGO B	2	2	CD AREOSA
Goles: Rosón e Asier			Goles: Raúl e Hugo

Árbitro: Jesús Adán, Alberto Blanco e Iván Prado. Campo: Municipal A Cheda

"O QUE MÁIS ME SATISFACE E QUE CONSEGUIMOS MANTER UN RITMO DE PARTIDO MOI ALTO ATA O ASUBÍO FINAL" BRAIS PRADOS, Club Deportivo Lugo B

Hai empates que saben a vitoria e o Lugo B o saboreou a primeira de vez, na xornada inaugural de Liga tras empatar ante un Areosa que chegou a mandar no marcador por cero a dous na Cheda.

A posta de longo do filial xuvenil era un das máis esperadas, xa que sobre este equipo están depositadas grandes esperanzas e unha vez máis os xogadores estiveron á altura das expectativas.

Nos primeiros minutos o Lugo B quixo tomarlle o pulso á competición, pero o Areosa impuxo un ritmo moi alto, circulando o balón con sultura e escondéndollo aos lucenses. O cero a un non se fixo de esperar e chegou ao filo do cuarto de hora, tras un saque de esquina.

Con todo, cando parecía que peor estaban os de Brais Prados, o Lugo B tirou de orgullo para meterse no partido e empezar a xerar perigo en

ataque, podendo empatar antes do descanso cun remate de Rosón ante o que se luciu o porteiro visitante, e cun centro de Fonseca que rematou en semivolea Manu, enviando o balón pegado á cruceta.

Xa na segunda parte o Lugo B perdeulle cada vez máis o respecto á categoría e ao Areosa empezou a dominar o xogo con posesións longas e nin o cero a dous, cun autogol, á hora de xogo variou a folia de ruta marcada.

Brais Prados apostou por unha defensa de tres centrais, acumulando máis xogadores en ataque, e a aposta saíu ben. Ao Areosa empezouse a acender a luz da reserva e quedouse sen gasolina coa expulsión do seu dianteiro. Con dez xogadores empezou a retroceder metros e o Lugo B a gañalos ata empezar a soñar coa remontada.

Rosón recortou distancias sendo o MVP do encontro ao culminar



David Rosón, o mellor xogador do encontro, co balón



Manu encarándo a tres defensas ante a mirada de Javi

unha acción colectiva desde dentro da área a dez minutos para o final, tempo no que o Areosa, pese a defenderse con orde, non puido evitar o reparto de puntos xa que no tempo de desconto a insistencia local tivo os seus froitos. Asier, chegando desde atrás, volveu demostrar que ten o don dos goles determinantes ao rematar un centro lateral e poñer o dous a dous no marcador final.

Próxima xornada
O filial albivermello

13

XOGADORES PRIMEIRO ANO
dos quince que participaron neste encontro, trece son xuvenis de primeiro ano. Tan só Álvaro, no once titular, e Yago, que saíu na segunda parte, son de segundo ano

viaxa a Cangas a próxima tempada para medirse cun Alondras que se impuxo na xornada inaugural ao Deportivo B en Abegondo, e que vén de descender da División de Honra xuvenil.

TEMPADA 2019 / 2020

BRAIS PRADOS AO MANDO DAS XOIAS DA CANTEIRA LUCENSE

PLANTEL CD LUGO B

Neste equipo están depositadas grandes esperanzas na canteira lucense. O grupo que o forma vense gañando a pulso a confianza que se ten neles tras asinar grandes tempadas en infantil, e especialmente o curso pasado na División de Honra cadete. Brais Prados ten a misión, á marxe dos resultados, de darlle continuidade á súa formación para que a base do equipo do División de Honra xuvenil da próxima tempada este formada por este bloque ao que se uniron esta tempada Chanza, porteiro que chega dende o Valencia CF, Álex e Herrero que volven tralo seu paso polo Villalbés, Jorge do Castro, Rodrigo do Flecha Negra de Extramadura e Leandro do Ural.



Brais Prados segundo con atención o encontro



Pérez gañando a liña de fondo nun lance do xogo



Iago Fernández evitando unha dura entrada rival



Yago medíndose en velocidade cun defensa do Areosa



Gabri a piques de facer un pase ante a mirada do banquiño chairego e do adestrador Iván Lamas



Gabi busca a liña de fondo tras unha acción pola banda

O Villalbés B volveu pola porta grande


GABRI, CON DOUS GOLES, sentenciou ao Dumbria. O punta chairego xa marcara o sábado co primeiro equipo en Pontevedra

O Rácing Villalbés B volveu á Liga Galega xuvenil pola porta grande tras sumar os primeiros tres puntos en xogo ante o Dumbria.

Un dobrete de Gabri Blanco nos primeiros vinte minutos desarmou aos coruñeses, desbarborados por un equipo local moi enchufado ata o intermedio.

O dianteiro racinguista inaugurou o marcador aos trece minutos cun cabezazo nun saque de esquina e apenas dez minutos despois volvía poñer o balón no fondo das mallas cun remate de cabeza, desta volta ao rematar unha falta lateral.

O equipo de Iván Lamas seguiu creando perigo en transicións comandadas



por Iago Buján, que tería puido ampliar a renda dos racinguistas antes do descanso. Tras o paso polos vestuarios, o Rácing Villalbés volveu ao terreo no treito final.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS B

GABRI
NOEL
PEDRO

"SACAMOS COMO POSITIVO O RESULTADO DESPOIS DUNHA BOA PRIMEIRA PARTE"

IVÁN LAMAS, RC Villalbés B

nivel amosado na primeira metade e, a partir do minuto quince, o Dumbria creceuse e achegouse con máis perigo á meta defendida por Iván, que fixo dúas boas intervencións antes de que, a vinte minutos para o final, o equipo visitante recortara distancia nunha transición tras un roubo de balón. O gol serviu de advertencia ao Villalbés B, que retomou o control do partido cun axuste táctico de Iván Lamas pasando a Cadra ao centro da defensa e a Gabri ao mediocampo para fortalecer o equipo no treito final.



Buján controla o balón ante un rival no medio campo



Iago Gesto protexe o esférico nunha acción defensiva

TEMPADA 2019 / 2020



O RÁcing VILLALBÉS B VOLVE Á LIGA GALEGA PARA TRATAR DE CONSOLIDARSE NA CATEGORÍA TRAS UN ANO DE TRÁNSITO

O Rácing Villalbés B volve á Liga Galega tras un ano en autonómica co obxectivo de consolidarse na categoría. Iván Lamas, que conta con Luis Chus como segundo adestrador, afronta a terceira temporada á fronte do xuvenil B cun bloque experimentado en competicións superiores, que vén de xogar na Liga Galega cadete, pero que deberá competir con equipos fisicamente superiores. O equipo reforzouse coas incorporacións de Iván Raúl, que chega do Lugo para reforzar a portería; Denis Buján, procedente da Milagrosa coma o seu irmán Iago Buján que se incorporou ao xuvenil A, e Javi Pérez, que desembarcou no Roca procedente do Betanzos. O obxectivo da permanencia na categoría conxugarase coa formación dos xogadores, que empezan a súa etapa en xuvenil co reto de contribuír ao equipo de Liga Nacional e mesmo ao sénior de Terceira División. De feito, Gabri Blanco, que a temporada pasada, aínda en idade cadete, tivera un papel decisivo no ascenso, xa debutou co primeiro equipo xuvenil anotando un gol en Pontevedra e é asiduo nos adestramentos de Simón Lamas co equipo de Terceira División xunto cos defensas Cadra e Cabado.



Borrón e conta nova tralo debut ligueiro

O CONXO SANTIAGO B castigou cunha efectividade descomunal nos primeiros minutos da tempada ao Viveiro



O Viveiro, que terminou a pasada tempada home-naxeando a Marcos Gómez con 16 xornadas consecutivas sen coñecer a derrota, sendo o 16 o número que lucía o eterno xogador celeste, debutou este curso cunha dolorosa derrota ante o Conxo Santiago B.

Antonio Serrano tivo que lidiar coas ausencias de xogadores claves como son Iván, Anxo, Trasi e Juan. Pero o que real-

mente marcou o primeiro encontro da tempada en O Cembedo foi a descomunal pegada do Conxo Santiago B nos metros finais. Sobre todo ao comezo do encontro cun fútbol directo que non tivo contención por parte celeste.

Antes do cuarto de hora inicial o marcador xa era de cero a tres e co cero a catro o encontro quedou completamente



Albert ante dous xogadores do Conxo Santiago

"FUE UN PARTIDO CATASTRÓFICO. TODO LO QUE PUDO SALIR MAL SALIÓ MUY MAL"

ANTONIO SERRANO, Viveiro Club de Fútbol

sentenciado. Tan só o carácter gañador do capitán Xoen Eijo saíu ao rescate do equipo recordando distancias cun golazo desde fóra da área antes do descanso e cun maxistral lanzamento de falta directa na segunda parte dun encontro sen historia, no que o Conxo Santiago B cheirou o sangue e foi directo á ferida celeste para endosarlle un dous

4

AUSENCIAS Antonio Serrano non puido contar con pezas claves no equipo no primeiro encontro de Liga ao estar ausentes Trasi, Juan, Ángel e Iván

a nove nun partido no que tan só brillou Xoen Eijo e a volta aos terreos de xogo en partido oficial do dianteiro Noel.



Boixet a punto de golpear o balón en medio campo



Bruno medíndose en carreira cun xogador compostelán

TEMPADA 2019 / 2020



Antonio Serrano terá que reinventar ao Viveiro da Liga Galega xuvenil. O salto xeneracional castigou especialmente esta tempada aos celestes, que contan este curso con equipo moi novo pero con calidade para competir na categoría. Tan só dous fichaxes chegaron este verán, a do porteiro Pablo desde o Lourenzán e o de Diego desde Xove.

A Residencia prolonga as vacacións

OS DE ADRIÁN VÁZQUEZ arrincaron sen tensión a tempada a nivel defensivo ante un Compostela con moito máis ritmo de competición

TEMPADA 2019 / 2020

ADRIÁN VÁZQUEZ DIRIXE A OPERACIÓN RETORNO Á CHEDA



Adrián Vázquez é o primeiro adestrador do xuvenil A da Residencia. Un plantel con base de xogadores da casa aos que se une a volta ao clube da Cheda de ata tres xogadores que se formaron nas categorías inferiores. David regresa dende o Villabés e dende o Lugo fano Cristian e Lis. Tamén do Lugo incorporáranse o porteiro Jony e o lateral Rivas e dende a Milagrocha chega Yago para reforzar a punta de ataque.

A Residencia cedeu os tres primeiros puntos en xogo da tempada ante o Compostela en Santa Isabel, onde os de Adrián Vázquez vironse superados pola intensidade dos compostelanos que ademais foron máis contundentes en ambas áreas.

As sensacións desde os primeiros minutos eran mellores para os locais e ao filo da media hora inicial o Compostela inaugurou o marcador cun golazo ante o que nada puido facer Sanmi.

O gol encaixado fixo de despertador para unha Residencia que no cuarto de hora final da primeira parte disputou os seus mellores minutos do encontro, nos



que puido e mereceu como mínimo empatar.

Yoel estrelou o balón na cruceta cun disparo desde trinta metros e García, cun remate de cabeza atopouse cunha boa intervención do porteiro local para evitar o un a un antes de chegar ao descanso.

Nada máis empezar a segunda parte, aos tres minutos, chegou o dous a cero nunha acción de fortuna para o Compostela xa que un centro chut envenenouse ata terminar co balón no fondo das mallas.

A partir de aí foi un querer e non poder por parte

"POLO QUE PUIDEMOS COMPROBAR NESTE ENCONTRO, QUEDA MOITO TRABALLO POR DIANTE AÍNDAA"

ADRIÁN VÁZQUEZ, Residencia

da Residencia, mermada física e animicamente buscou recortar distancias pero sen convicción. Polo que o Compostela ampliou a vantaxe co tres a cero a cinco minutos para o final.

A Residencia maquiillou o marcador co un a tres, que subiu ao marcador por parte de Yago, que asinando o seu primeiro gol coa camiseta da Residencia, nunha das últimas accións do partido.

Próxima xornada

A Residencia debutará en casa recibindo na Cheda a un Galicia Caranza que se impuxo nesta xornada ao As Pontes por catro goles a dous.

Mediada la segunda parte, uno de los jugadores del club local recibía el impacto en su abdomen de un fuerte balonazo procedente de un adversario desde muy corta distancia. Un balonazo que sufrimos como propio los asistentes al encuentro, al observar los evidentes síntomas de apnea u el desplome del jugador sobre

Padre, hermano e instructor de árbitros, Juan Carlos Polo Fernández representa un papel fundamental en nuestro fútbol. Es, en la actualidad, el colegiado adscrito en nuestra provincia a fútbol base con mayor número de encuentros dirigidos, como árbitro principal, en Categoría Nacional. Tras varias temporadas dirigiendo encuentros de Tercera División Nacional, se colegia en fútbol base para, de forma altruista, poner su amplia experiencia de más de veinticinco años de pertenencia al estamento arbitral a disposición de los que empiezan. Representa la enciclopedia a la que se puede acudir a consultar cualquier duda para obtener la mejor respuesta, el compromiso con los más bellos valores de este deporte, la responsabilidad de que la competición cumpla sus objetivos de la forma más óptima posible con independencia de esfuerzos personales, el ejemplo de superar importantes adversidades, la valentía de los que

Nuestro país fue campeón del mundo hace unos años, pero detrás del gol de Iniesta había muchas personas, como él, contribuyendo con su ejemplar labor para mejorar nuestro deporte.



Xogadores e adestradores de RC Villalbés e Rácing de Ferrol posan xunto á familia de Jorge Tato, diante do muro homenaxe ao 9 racinguista, ao finalizar o encontro no Roca

O R. Ferrol gañou o Memorial Jorge Tato

O RÁcing VILLALBÉS rendeu unha nova homenaxe ao que fora xogador do xuvenil coa disputa do torneo no Roca



Ofrenda floral ante o mural que lembra ao dianteiro

RC VILLABÉS		1	3	RÁCIING FERROL	
Goles: Gabriel				Goles: Pablo (2) e Caio	

cia para os chairegos, pero un erro defensivo cun mal despexe devolveu a renda ao Rácing de Ferrol, que non sufriría para chegar así ao final do encontro no Roca.



Ángel Tato entrega o trofeo ao campión



Elba Veleiro entrégalle o trofeo a Anxo



Ángel Tato e Manolo Rey co equipo xuvenil do Rácing Club Villalbés que xogou o torneo

O asedio do Lugo no treito final non tivo a merecida recompensa

OS DE DANI GALÁN foron moi superiores na última media hora na que fallaron un penalti, estrelaron balóns nos postes e malogaron ocasións moi claras para, como mínimo, empatar

Lugo e Ural reviviron un dos últimos duelos da tempada pasada. Ambos equipos loitaron por entrar no podio final da clasificación ata a penúltima cita e esta tempada inauguraron o curso cun duelo directo.

Os herculinos, que gañaron a carreira polo terceiro chanzo a pasada tempada, tamén se levaron nesta ocasión os tres puntos da Cheda nun partido con dúas partes distintas. Na primeira o Lugo estivo replegado pero sen pasar por excesivas complicacións e na segunda os de Dani Galán foron os principais protagonistas do xogo aínda que non puideron plasmarlo no marcador final.

De inicio o Lugo xogou en repliegue para asentarse no encontro e ir crescendo á vez que gañaban en sensacións, pero no ecuador da primeira parte, unha perda de balón sen presión rival desencadeou no cero a un ao coller o Ural á defensa fóra de sitio.

A reacción non se fixo esperar e chegou da man dun dos debutantes, Lombardía, que ademais foi o xogador máis destacado do encontro. O ex da Residencia bateu ao porteiro herculino no man a man cun certo disparo pegado ao poste.



Árbitro: Pedro Castro. Adrián López. Tania Penabaz. Campo: A Cheda

“GENERAMOS SITUACIONES DE GOL MUY CLARAS A LO LARGO DEL ENCUENTRO COMO PARA PODER SACAR UN RESULTADO POSITIVO EN ESTE PARTIDO” DANI GALÁN - Club Deportivo Lugo

No tramo final da primeira parte o partido pechouse e apenas houbo chegadas con perigo ás áreas.

Trala tregua do descanso os dous equipos respectáronse moito nos primeiros minutos da segunda parte, ata que unha nova perda de balón do Lugo en zona de creación tras un roubo de balón no primeiro pase, desencadeou nunha contra letal do Ural coa que subiron o un a dous ao marcador.

Con media hora por diante o Lugo monopolizou o xogo e sobre todo as ocasións de gol, xerando moitas e moi claras, pero o balón negouse

a entrar e con iso recomendar o bo xogo lucense.

Lomba e Pablo estrelaron cadanseu balón no poste e a falta de oito minutos Jorge forzou un penalti que lanzou Gabi, pero o balón foise por encima do largueiro.

O gol do empate parecía inevitable e cuestión de tempo, pero este foise consumindo á vez que o Lugo fallaba ocasións claras de gol. Pablo rozou o empate en dúas ocasións e no tempo de desconto Manel, cun disparo que se foi alto, tivo a última para poder repartir o botín en xogo.

Ao final o Ural levouse os tres puntos en xogo e o Lugo, pese á derrota, sae

4

CARAS NOVAS O Lugo incorporou esta tempada ao cadete A ao porteiro Víctor, que procede do Arosa, a Alejandro e a Pablo Fernández do Viveiro e a Lombardía, procedente da Residencia

2

AUSENCIAS NO DEBUT O defensa central Alejandro, procedente do Viveiro, perdeu o debut por unha lesión de xeonillo e Andrés por motivos persoais foron as ausencias de Dani Galán no primeiro encontro da tempada

reforzado como equipo da xornada inaugural da División de Honra cadete para afrontar a próxima cita que será ante o Bertamiráns.



Juanma presionando a un xogador do Ural na Cheda



O albivermello Freire co esférico en campo rival



Alesito fai un pase ante a presión dun xogador herculino



Dani Galán e Alberto cos xogadores ao remate do encontro ante o Ural na Cheda

TEMPADA 2019 / 2020



SUPERAR O LISTÓN DA TEMPADA PASADA É UN RETO AMBICIOSO, PERO ESIXENTE

O conxunto cadete da División de Honra, que este ano terá a Dani Galán como adestrador, ten a difícil tarefa de repetir a gran tempada que asinou a xeración anterior o pasado curso, no que remataron na cuarta posición e loitaron polo podio ata as dúas últimas xornadas.

O adestrador albivermello afronta a súa segunda campaña no club tras adestrar o ano pasado ao conxunto infantil, e contará con Alberto Pérez Cabado como axudante. Cos reforzos de Pablo Fernández e Ale-

jandro, procedentes do Viveiro. Víctor, do Arosa, na portería, e Lombardía, da Residencia, o adestrador do equipo capitalino buscará formar aos seus de cara á próxima campaña, na que afrontarán a súa última etapa no fútbol base como xuveniles. Por iso, o nivel de competición será en grao sumo esixente en busca de bos resultados. As primeiras semanas serán clave para os albivermellos de cara a ter unha temporada tranquila e pensar despois en obxectivos máis ambiciosos.

O Sagrado Corazón citou a 700

OS INFANTÍS DO CD LUGO E OS XUVENÍS DO POLVORÍN levantaron os trofeos e que, na súa décimo primeira edición, reuniu a 38 equipos de base de toda Galicia

CATEGORÍA **XUVENIL**



Polvorín, campión da categoría, e Sarriana, finalista, posaron xuntos tralo duelo que deu o título ao conxunto de Montirón | **Sagrado**

O Polvorín, campión nos penaltis tras unha igualada final ante a Sarriana

OS AMARELOS impuxéronse tras empatar a goles na única final entre equipos lucenses que se disputou durante as tres xornadas de torneo

O balón comezou a rodar nos campos Rodríguez Lago Gándaras coa categoría xuvenil, na que competiron nove equipos. EF Polvorín e Sarriana, que xa coincidiran no mesmo grupo na fase previa, disputaron o trofeo tras impoñerse nas semifinais a Milagrosa e As Pontes, respectivamente.

A última hora da tarde repetíase pois un duelo que xa se vivira á mañá, cunha vitoria pola mínima dos amarelos.

A igualdade volveu ser a tónica nun enfrontamento que tampouco será o último xa que os dous se verán as caras en Primeira Autonómica xuvenil.

Dhomi, dianteiro do Polvorín, e Edgar Tourón, porteiro da SD Sarriana, brillaron con luz propia nas Gándaras

Abella adiantou aos sarriaos cun golazo co exterior desde a banda pero Dhomi, que acabaría sendo elixido mellor xogador da categoría, empatou o encontro nunha xogada individual na que se marchou do central e bateu ao porteiro.

Así, o título decidiuse na tanda de penaltis onde a boa actuación do gardamallas Edgar Tourón, que xa fora decisivo na semifinal contra As Pontes e que foi seleccionado como mellor porteiro da categoría, non foi abondo contra o acerto dos amarelos, que levantaron o trofeo.

Non só campión e subcampión marcharon con boas sensacións do torneo que serve de antesala para o inicio da competición das ligas, que arrancarán a vindeira fin de semana.

A Residencia quedou apeada en cuartos de final, contra As Pontes, pero fíxoo sen perder nin gún encontro xa que a eliminatoria decidiuse nos penaltis. A Milagrosa despediuse do torneo nas semifinais, onde caeu tamén nos penaltis.



O dianteiro, Dhomi, elixido mellor xogador | **Sagrado**



Tourón, Sarriana, foi o porteiro máis destacado | **Sagrado**



Foto: Sagrado Corazón



Foto: Sagrado Corazón

CATEGORÍA



O UD Ourense posando co trofeo que os acredita como campión

O UD Ourense gañou eliminando ao Ribadeo

OS RIBADENSES, apeados polos canchais, elimináronse dos dous conxuntos lucenses con maior

O torneo, que reuniu preto de 700 xogadores e técnicos nos campos das Gándaras, continuou o sábado coa competición cadete, na que a representación lucense, malia ser ampla, con nove dos doce equipos en competición, non puido chegar tan lonxe como en xuvenil.

Lugo, Casás, Residencia, Piringalla e Ribadeo conseguiron clasificarse para os cuartos de final tras deixar boas sensacións na fase previa, pero só laranxas e mariñas quedaron ás portas de clasificarse para a final do torneo. Fíxérono en dúas semifinais igualadas, que se decidiron pola mínima.

ADC Piringalla comezou a fase de eliminatorias moi motivada e logrou eliminar ao CD Lugo en cuartos (1-2), pero caeu en semifinais contra os coruñeses do Calasanz (0-1) aos que

xa lles tocara medirse na fase previa, con idéntico resultado.

Cun guiño parecido resolveuse a participación do Ribadeo. Tras superar a eliminatoria contra o Bergantiños B na quenda de penaltis, os mariñas tamén quedaron apeados pola mínima, tras perder por 0-1 ante o UD Ourense, que acabaría facéndose co título.

Os premios individuais da categoría foron para dous dos protagonistas da final, o centrocampista do Calasanz Anxo Cernadas e o porteiro do UD Ourense Ignacio Blanco.

O gardamallas ourensán foi o único que non encaixou ningún gol nos cinco encontros que o seu equipo disputou ao longo da xornada no campo Rodríguez Lago, con moitos espectadores nas gradás.

SD Ribadeo e ADC Piringalla asinaron as mellores actuacións dos equipos lucenses acadando as semifinais do torneo, que tivo como campión ao UD Ourense

xogadores no Torneo de Verán

de campións nunha cita que serviu de antesala ao inicio das competicións oficiais, entre eles os canteirás do RC Deportivo da Coruña e do RC Celta de Vigo

A CADETE



Os cadetes trala final disputada contra o Calasanz | **Sagrado**

ou o torneo tras o en semifinais

mpións, e a ADC Piringalla foron
or percorrido na categoría cadete



ernedas, do Calasanz, foi o
mellor da categoría | **Sagrado**



Ignacio Blanco, gardamallas
do UD Ourense | **Sagrado**



Foto: **Sagrado Corazón**



Foto: **Sagrado Corazón**

CATEGORÍA INFANTIL



Os infantís albivermellos do CD Lugo fixéronse co título tras derrotar na final ao Calasanz coruñés por dous goles a cero | **Sagrado**

O CD Lugo levantou o trofeo ante as canteiras de RC Deportivo e RC Celta

A RESIDENCIA clasificouse para cuartos de final tras unha esixente fase
de grupos, pero caeu en cuartos contra o todopoderoso conxunto olívico

O torneo reservou para o domingo unha das competicións con máis brillo. Con dezaseis conxuntos en liza, entre eles os equipos dos tres clubs de referencia do fútbol galego: Lugo, Deportivo e Celta, e unha ampla representación de clubs coruñeses que compiten en Liga Galega, como Calasanz, Bertamirás e Atlético Montañeros, o cartel da categoría infantil presentábase como un dos máis atractivos do torneo e non defraudou.

A esixencia da competición quedou patente desde os primeiros partidos, na fase de grupos, nos que Ribadeo, Casás e Polvorín tiveron ocasión de probarse contra Celta ou Deportivo.

Tras unha intensa mañá de enfrontamentos, con vinte catro partidos para dirimir os equipos que se clasificarían para cuartos de final, só o Lugo e a Residencia conseguiron seguir adiante no torneo, facéndose cun billete para a fase final. Aí, acabou a traxectoria dos branquiazuis, que caeron contra o RC Celta, pero non a do Lugo, que poñía rumbo a un dos títu-

**O CD Lugo
impúxose nunha
categoría na que
competiron ata
seis clubs que
esta temporada
contarán con
equipos na Liga
Galega infantil**

los máis prestixiosos da pretemporada e o último torneo na provincia antes do inicio da competición oficial.

Primeiro apeou ao RC Deportivo impoñéndose na quenda de penaltis tras o 0 a 0 do tempo regulamentario, e logo ao Victoria cun guiño idéntico.

Así, plantouse na final contra o Calasanz, ao que venceu por 2-0 con goles de Xavi, que chegou esta temporada ao equipo procedente do Ribadeo, e de Jose. O porteiro albivermello, Jorge Candal, cun papel destacado nas eliminatorias, foi elixido mellor gardameta da categoría. Jaime Tomé, do Calasanz, mellor xogador.



O porteiro do CD Lugo, Jorge,
foi o mellor do torneo | **Sagrado**



O mellor xogador infantil foi,
Tomé, do Calasanz | **Sagrado**



Foto: **Sagrado Corazón**



Foto: **Sagrado Corazón**



Marco a piques de controlar o balón ante Lucas



Boixet golpeando o balón ante un rival no Marcos Gómez

Un desenlace final moi cruel para o Viveiro

TRAS ADIANTARSE NO MARCADOR o Conxo Santiago empatou e levouse os tres puntos na última xogada do partido

VIVEIRO CF	1	2	CONXO STG. B
Goles: Adrián			Goles: Iván e Marcos

Árbitro: Jorge Michelena. Ángel Ron, Manuel Martínez. Campo: Municipal Marcos Gómez

O Conxo Santiago B do Marcos Gómez cun gol levouse os tres puntos sobre a bucina, no último

"EL TRABAJO DEL EQUIPO FUE BASTANTE BUENO PARA SER EL PRIMER PARTIDO OFICIAL DE LA TEMPORADA" SERGIO IGLESIAS, Viveiro CF

segundo do encontro.

Ata entón o Viveiro asinara unha gran primeira parte, incluso por encima das expectativas, demostrando que teñen marxe de mellora pero que será un equipo competitivo esta tempada.

Ao descanso chegouse con cero a cero pero a sensación era de superioridade por parte celeste, aínda que é certo que o porteiro David

mostrouse moi seguro: especialmente na segunda parte con intervencións de moito mérito.

Os primeiros corenta minutos terminaron co cero a cero inicial. Na segunda metade, co aire en contra, o Viveiro soubo sufrir e atopou o gol nunha xogada que iniciou e finalizou Adrián cun remate de cabeza tras un bo centro de Mendaña.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

DAVID	2	2	2
HUGO	2	2	2
ADRIÁN	2	2	2

TEMPADA 2019 / 2020

SERGIO IGLESIAS TOMA O RELEVO DE LUCHI NO CADETE CELESTE



Plan renove no Viveiro cadete da Liga Galega esta tempada, empezando polo banquiño no que Sergio Iglesias substitúe a Luchi. Sobre o terreo de xogo son moitos os xogadores que pasaron á etapa xuvenil. Tan só dous fichaxes este verán, o de Jorge, porteiro que chega do Xove e o dianteiro Adrián, procedente do Burela. A súa dupla con Lucas será a gran baza celeste esta tempada.



Hugo Rodríguez a piques de controlar o balón

O punta estreábase desta forma como goleador coa camiseta celeste e demostrou unha gran conexión con Lucas ao longo do partido.

O Conxo Santiago B adiantou liñas e atopou o empate tras probar sen

éxito bater a David.

Pablo puido darlle a vitoria ao Viveiro ao estrelar un lanzamento de falta no poste, pero cando o empate parecía definitivo, chegou o xarro de auga fría co un dous na última acción do encontro.

Derrota, pero coa cabeza moi alta

A MILAGROSA FOI MELLOR EN TODO MENOS NO MARCADOR FINAL ante un efectivo Compostela en Santa Isabel. Os de Madriles xogaron ben e tiveron moitas ocasións de gol

S.D. COMPOSTELA	2	0	S.C.D. MILAGROSA
Goles: Manuel y Sergio			

Árbitro: Gustavo Vidal. Iria García e Luis Ignacio Bustó. Campo: Municipal de Santa Isabel

A Milagrosa debutou esta tempada na Liga Galega cadete con derrota en Santiago ante o Compostela, nun partido no que os de Madriles tiveron mellores sensacións do que indica o dous a cero

final. Dende os primeiros minutos os lucenses estiveron especialmente cómodos co balón e con iso as ocasións non tardaron en chegar. Sendo a primeira un disparo de

"HICIMOS UN BUEN PARTIDO, TAN SOLO NOS FALTÓ CONCRETAR ALGUNA OCASIÓN PARA PODER PUNTUAR E INCLUSO GANAR EL ENCUENTRO"

MADRILES, SCD Milagrosa

Diego que non atopou portaría. Pola súa banda os composteláns inauguraron o marcador na súa primeira chegada tras un saque de esquina co que asinaron o un a cero.

A Milagrosa non perdeu a calma e iniciou un goteo constante de ocasións por medio de Diego e Rafa, ao que tan só lle faltou a guinda do gol, que parecía

cuestión de tempo ata iniciada a segunda parte na que Rafa estrelou un balón no poste e gañou infinidade de veces a liña de fondo sen que os seus centros atopasen rematador.

A desesperación empezo a facer mella nunha Milagrosa sen pegada e o Compostela deu un golpe sobre a mesa cando estaba ao bordo do KO, ao asinar o dous a cero tras unha contra sen aparente perigo.

Con pouco máis dun cuarto de hora por diante a Milagrosa non baixou os brazos, pero os postes e a falta de puntería no último remate deixaron a conta a cero no debut liguero.

TEMPADA 2019 / 2020

A VERSIÓN 2.0 MADE IN FRIGSA AMPLÍA OS SEUS OBXECTIVOS



Logo de conseguir o obxectivo da permanencia a pasada tempada sobre a bucina, a Milagrosa mantén a súa aposta polos xogadores da casa para afrontar este curso obxectivos máis ambiciosos. A chegada de Trashorras e Marco do Lugo fai que o persoal sexa de 16 xogadores, pero todos eles con experiencia en Liga Galega. Madriles terá que tirar do equipo B, pero a versión 2.0 da Milagrosa na Liga Galega invita ao optimismo.

O Lugo B arrincou a tempada ao grande

OS DE ANTÓN MÉNDEZ foron moi superiores ao Estrada. Ayman cun hat trick e o infantil Manu Ferreiro, brillaron con luz propia

TEMPADA 2019 / 2020

Overbooking na porteria para Antón Méndez con catro porteiros trala volta de Parga e a fichaxe de Marcos que se unen a Nacho e Raúl. O resto das incorporacións son Sergio do Galicia Caranza, Raúl e Manuel do Lourenzá, Rubén da Sarriana, Brais do Ribadeo e Rober do Foz que se perde por lesión ao inicio de tempada.

C.D. LUGO **5** **0** **ESCOLA ESTRADA**

Goles: Buide, Ayman (3), Manuel

Árbitro: José Luis Fraja, Antonio Manuel García, Antón Lodeiro **Campo:** Municipal Rodríguez Lago

O Lugo B cadete protagonizou o mellor arranque de tempada dos equipos lucenses. O conxunto dirixido este curso por Antón Méndez, que debuta nunha categoría superior tras unha longa traxectoria en equipos de Autonómica, monopolizou o encontro ante o Estrada nas Gándaras.

Desde os primeiros minutos os albivermellos tiveron o control total do encontro, con Buide dirixindo a defensa con moita

autoridade, o infantil Manu Ferreiro ao mando das operações no centro do campo e con Aymán renovando o seu idílio co gol unha tempada máis ata terminar o encontro cun hat trick.

O un a cero non se fixo esperar e chegou cun remate de cabeza de Buide, mentres que Ayman encargouse de sentenciar o partido antes do descanso con dous goles ante o Estrada que tan só chegou nunha acción illada.



Pablo Rosón a punto de golpear o balón en medio campo

"ESTOY CONTENTO POR EMPEZAR LA TEMPORADA CON ESTOS TRES PUNTOS, PERO SOBRE TODO PORQUE REFLEJAN EL TRABAJO SEMANAL QUE REALIZAN ESTOS JUGADORES"

ANTÓN MÉNDEZ - Club Deportivo Lugo B

aos domínios do debutante Marcos, procedente do Narón e que apenas tivo que intervir ao longo do encontro.

A segunda parte converteuse nun mero trámite pero Aymán non entende de treguas e asinou o catro a cero aos oito minutos. Na recta final do encontro Manuel, procedente

do Lourenzá, estreouse coa camiseta do Lugo en partido oficial pechando o marcador co definitivo cinco a cero.

Próxima xornada

O Lugo B poñerá a proba o seu nivel a próxima xornada na que visita a todo un Deportivo B en Abegondo.



Dani gañándolle a partida a un xogador do Estrada



Buide sacando o balón dende a defensa coa zurda

As postas en escena, claves

O RÁcing VILLALBÉS encaixou dous goles ao inicio de cada parte que foron determinantes na derrota ante un Rácing de Ferrol B que se mostrou máis rodado a estas alturas de tempada que o cadro dirixido por Jandro Novoa

**“TENEMOS QUE
INTENTAR ADAPTARNOS
RÁPIDO AL RITMO DE
LA CATEGORÍA PARA
CONSEGUIR UN MAYOR
RENDIMIENTO”**

LANDRO NOVOA, RC Villalbés

con boas sensacións tras dispoñer Noel e Miguel de senllas ocasións de gol moi claras pero nada máis empezar a segunda parte, nesta ocasión aos catro minutos, chegou o xerro de auga fría co cero a dous.

OS MELHORES	
RC VILLALBÉS	
CARLOS	  
HUGO	  
DIEGO	

Na recta final o Villalbés maillou o resultado final cos goles de Carlos e Cristian pero pese a terminar o encontro xogando en campo contrario non tivo ocasións para poder empatar.

CATRO INCORPORACIÓNS ÁS ORDES DE JANDRO NOVOA

TEMPADA 2019 / 2020

O Rácing Villalbés que competirá na Liga Galega cadete esta tempada contará con catro reforzos, o porteiro Diego, procedente da Milagrosa, o centrocampista Alberto do Polvorin e os dianteiros Miguel do Lugo e Cristian do Castro.



Alberto a punto de controlar o balón ante un rival

RC VILLALBÉS	2	3	RC FERROL B
Goles: Carlos e Cristian			Goles: David, Gabriel e Mekibib

Árbitro: David Pereira, Brais García, Susana Gueimonde **Campo:** Estadio Roca

Dous goles ao comezo de cada parte eclipsaron o debut do Rácing Villabés esta tempada na Liga Galega cadete.

Aos nove minutos o

Rácing de Ferrol inaugurou o marcador no Roca cun golazo e a partir de aí os de Jandro Novoa tiveron que remar contra corrente.

Ao descanso chegouse



Samu medíndose en velocidade cun rival por un balón dividido



Mateo a piques de realizar un centro á area presionado por un xogador ferrolán

A máxima categoría xa se presentou no Marcos Gómez

O VIVEIRO volveu disputar un encontro na Liga Galega e comprobou a súa esixencia dende a xornada inaugural

A Liga Galega infantil presentouse con todas as súas credenciais na xornada inaugural no Cembedo. O Viveiro consumou o seu regreso á máxima categoría recibindo ao Galicia Caranza, un conxunto que loitará pola permanencia como o celeste, que conta cun potencial similar pero que se levou con autoridade os tres puntos do Marcos Gómez ao ter un ritmo máis alto de competición e sobre todo máis contundencia en ambas áreas.

O Viveiro quixo ser protagonista do encontro, ter o balón e saír xogando, pero a ausencia no once inicial de Adrián ao arrastrar problemas físicos mermou ao equipo no mediocampo. Os de Fidi cometeron perdas de balón que o Galicia

VIVEIRO CF		1 4	GALICIA CARANZA	
Goles: Xoel Pigueiras			Goles: Elías (2), Brais e Sergio	

Árbitro: David Jiménez, Gabriel Polo, Juan Carlos Polo. Campo: Municipal Marcos Gómez.

Caranza aproveitou para gañar en confianza ata adiantarse no marcador con cero a dous antes de chegar ao ecuador da primeira parte.

Antes do descanso o Viveiro recortou distancias cun gol de Xoel Pigueiras ao enviar o balón ao fondo das mallas tras regatear ao porteiro dando vida aos

"LOS ERRORES QUE COMETIMOS A LO LARGO DEL ENCUENTRO NOS PENALIZARON MUCHO EN EL JUEGO Y EN EL RESULTADO FINAL DEL PARTIDO"

FIDI, Viveiro CF

de Fidi de cara á segunda parte.

No intermedio saltou ao campo Adrián pero estivo pouco tempo no terreo de xogo ao recibir un forte golpe do balón no peito que por uns segundos acendeu as alarmas no Cembedo, con todo, púidose recuperar sen problemas aínda que abandonou o terreo de xogo. O Viveiro buscou o empate, pero non tivo pegada nos metros finais ante un Galicia Caranza que co un a tres sentenciou o encontro e co un a catro pechouno.



Javi co balón en condución nunha xogada de ataque



O celeste Juan Liz trata de controlar o coiro

TEMPADA 2019 / 2020



PLANTEL VIVEIRO CF	

O VIVEIRO, DIRIXIDO POR FIDI, VOLVE Á LIGA GALEGA INFANTIL COA PERMANENCIA COMO PRINCIPAL OBXECTIVO A ACADAR

O Viveiro conseguiu a pasada tempada o ascenso á máxima categoría do fútbol infantil. Fixo da man de Antonio Serrano cun sprint final de Provincial impecable e asinando a fase de ascenso perfecta. Agora chega a quenda de adaptarse canto antes a unha categoría superior que será moi esixente, medíndose ante equipos máis fortes e con maior potencial co obxectivo na primeira fase de sumar o maior número de puntos posibles para loitar pola permanencia na segunda.

Fidi tomou o mando con Álex Paz

como segundo adestrador. No capítulo de incorporacións aparecen Xoel Ferro, que volve tralo seu paso polo CD Lugo, Mateo, que chega do fútbol sala de Xove e o medio centro Rafa, procedente do Burela para confeccionar un equipo con moita calidade, pero que terá que adaptarse canto antes ás esixencias dunha competición cun ritmo de xogo e potencial que nada ten que ver co que viron os celestes a pasada tempada na Liga Autonómica, e tamén na fase de ascenso á Liga Galega.

Xavi Iriarte debutou asinando a vitoria do Lugo nas Gándaras

O CENTROCAMPISTA PROCEDENTE DA SD RIBADEO fixo o único gol do encontro ante o Victoria na xornada inaugural da Liga Galega infantil, cun disparo dende fora da área

C.D. LUGO					VICTORIA C.F.				
Goles: Xavi Iriarte					1 0				
VILLA Javi	ANDRÉ Raúl	FRANCISCO Iván Rúa	MANUEL Hugo						
RAÚL V.	ANXO Román	MAURO	PELAYO						
IAGO	BRUNO Adrián	IVAN David	ALESSANDRO	MARTINA Diego					
PEPE	XAVI I.	DANIEL Xavier	XOEL						
ALEX	DANI	ROQUE	HUGO						

Árbitros: Álvaro Valín, Anál Vázquez, Brenda Lence. Campo: Estadio Municipal Rodríguez Lugo

"CANDO SE POÑEN GANAS E ESFORZO NO QUE SE FAI, TODO É MÁIS DOADO DE CONSEGUIR"

YONI, Club Deportivo Lugo

O Lugo impúxose con máis suspense do merecido ao Victoria na xornada inaugural da Liga Galega infantil. Os capitalinos quedáronse cos tres puntos grazas a un gol do mariñoas Xavi Iriarte, que debutou en partido oficial co CD Lugo marcando o único gol do encontro aos cinco minutos de xogo.

Xavi roubou un balón no medio campo e, tras conducir ata a frontal da área, culminou a xogada cun disparo co que colocou o balón no fondo da portaría herculina.

A partir de aí o Lugo xogou con moita seguridade, monopolizando a posesión por completo ante un Victoria que apenas podía saír co balón xogado.

O dous a cero parecía cuestión de tempo xa que André, cun remate no que se luciu o porteiro rival, Pepe cun disparo por encima do larguero e Dani, cunha internada na que estrelou o balón no lateral da rede, dispuxeron de claras ocasións para

ampliar a vantaxe.

O Victoria, na primeira parte, tan só chegou con perigo aos dominios de Iago nunha ocasión, ao aproveitar un dos poucos erros na saída de balón dun Lugo que asinou unha primeira parte moi completa.

Tralo descanso, co vento en contra, aos locais custoulles un pouco máis ter o control do xogo. O Victoria creceuse e estrelou un balón no poste, pero á contra, por medio de Roman, tamén puido chegar a sentenza antes de chegar aos minutos finais nos que o Victoria estivo a piques de levarse parte do botín nunha última acción na que o aire envenenou o balón nun centro que estivo a piques de sorprender a Iago.

Ao final, vitoria para o Lugo nun partido cunha parte para cada equipo na que os locais estiveron a un gran nivel na primeira parte, e na segunda tiraron de organización e solvencia para manter o resultado.



Jose a piques de pisar o esférico nun dous para un



Bruno protexe o coiro por diante dun xogador rival



André a piques de superar a un defensa herculino



O albivermello Bruno inicia unha xogada ao contraataque seguido de Anxo, por diante de Xavi e Raúl

TEMPADA 2019 / 2020

UN LUGO CO RETO DE ESTAR POR PRIMEIRA VEZ NA FINAL FOUR



PLANTEL CD LUGO									

Yoni e Bruno Rodríguez toman o mando do CD Lugo da Liga Galega infantil. Un equipo que se coñece á perfección, xa que á maioría dos xogadores son os que competiron a pasada tempada na Liga Autonómica clasificándose para o Provincial e alzándose co título da Copa Diputación ante o Ribadeo no campo da Mina, na Pontenova.

No capítulo de novas incorporacións aparecen tres xogadores. O mediocentro Xavi Iriarte que chega procedente da SD Ribadeo e os defensas Fio e Raúl desde a Residencia.

Ainda en idade infantil atópase unha das principais xoias da canteira lucense, Manu Ferreiro, que en principio formará parte do persoal do cadete de Liga Galega, aínda que conta con ficha do infantil.

O listón que deixou o equipo a pasada tempada na máxima categoría está moi alto, xa que ata a penúltima xornada tiveron opcións de clasificarse para a final four polo título Galego. Este curso o obxectivo é ambicioso, e máis tras comprobar no Torneo de Verán do Sagrado Corazón que poden competir de ti a ti e incluso superar a equipos coma o Deportivo e o Celta de Vigo.

3

INCORPORACIÓNS

Coa base da tempada pasada ao completo, Yoni e Bruno contan con tres reforzos de cara a esta tempada. Xavi Iriarte que chega da SD Ribadeo, e Fio e Raúl dende a Residencia

1

AUSENCIA

Manu Ferreiro competirá en principio co equipo cadete da Liga Galega pese a ser aínda xogador en idade infantil. O mediocentro poderá xogar tamén no infantil ao ter ficha con este equipo.

O COLEXIADO LUCENSE que asistiu partidos en Segunda B converteuse no novo delegado en Lugo en substitución de Gabriel Cortón, que estaba á fronte dende a tempada 2015/2016

Presentación

Bernardino González agradeceu o traballo levado a cabo por Gabriel Cortón Fernández estes anos ao fronte da delegación de árbitros de Lugo e finalmente desexou ao novo delegado Óscar Fer-

20 anos na arbitragem

Óscar Fernández Rivas iniciou a arbitrar no ano 1999 e converteuse nun dos referentes dos colexiados lucenses tras ascender a Segunda División B onde exerceu como árbitro asistente, acadando así un dos postos máis relevantes para a arbitrar da provincia no fútbol español. Na actualidade, desenvólvia

Fernández Rivas mostrouse ilusionado coa nova labor e agradeceu a Bernardino González a confianza depositada na súa persoa para dirixir o colectivo arbitral lucense.

A labor do Comitê

O CTGAF encargase directamente da arbitraxe de Tercera División e Preferente; mentras que as delegacións encárganse de todas as categorías desde Primeira Autonómica

Cada unha das sete delegacións conta cun delegado, un coordinador de los informadores , que se encarga de puntuar aos colexidos, e un responsable de designación.

Nos últimos meses, o máximo órgano da arbitrase en Galicia viña desenvolvendo, tamén a través das delegacións, unha campaña para achegar a labor dos colexiados aos xogadores e xogadoras e á sociedade en xeral.

**NON QUEDES
FÓRA DE XOGO,
FAITE ÁRBITR@**

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

[illegible]

30 equipos infantís en Autonómica

FONSAGRADA E RÍO OURO debutan no fútbol once provincial tras retomar o ano pasado os seus proxectos de base. Son a novidade entre os trinta conxuntos que competirán na categoría infantil

Tras unha intensa temporada 2018-2019, cun emocionante pulso entre Viveiro, Burela, Ribadeo e Rácing Villalbés para clasificarse a disputar o ascenso e o brillante salto de categoría que protagonizou o equipo celeste dirixido por Antonio Serrano, que competirá na Liga Galega infantil este curso, a vindeira fin de semana arranca unha nova campaña na categoría infantil, a máis nutrida do fútbol once provincial con trinta equipos en competición.

O balón comezará a rodar a vindeira fin de semana co inicio das tres ligas zonais, Norte, Centro e Sur. Os tres primeiros clasificados de cada competición e o mellor terceiro competirán na segunda fase polo campionato provincial e mais polas prazas para disputar o ascenso á Liga Galega infantil.

Milagrosa e Residencia volven á categoría provincial tras o paso pola liga superior, fano con cartas para estaren entre os favoritos a volver intentar o ascenso. EF Polvorín, Rácing Villalbés, SD Ribadeo ou Burela, que despois de varias temporadas non terá a Javi Ruiz no banco, tamén se sitúan en boa posición de partida para estar entre os tres representantes lucenses que disputen a fase de ascenso á máxima categoría a finais de tempada.

Entre a trintena de equipos que competirán na categoría infantil desta-



O Viveiro, que esta temporada compete na Liga Galega infantil, celebrando o ascenso no que asinaron o salto de categoría no Marcos Gómez

30

EQUIPOS A categoría infantil contará con trinta equipos, a maior cifra das categorías do fútbol once lucense. O balón comezará a rodar a vindeira fin de semana nas tres ligas zonais

2

DEBUTS EN FÚTBOL-11

Fonsagrada Balompé e Río Ouro serán as novidades na categoría. Os dous clubs, que a tempada pasada xogaron en alevíns, estreáanse en fútbol-11.

can Fonsagrada Balompé e AD Río Ouro, que despois de iniciar a pasada tem-

porada proxectos para recuperar a canteira con equipos alevíns, este ano estreáanse en fútbol once.

A temporada 2019-

2020 concíbese de novo como transición de cara a un novo formato competitivo con Primeira e Segunda División polo

que, na segunda fase, se disputará un Play Off que determinará as posicións dos equipos antes vacantes na categoría de ouro.

No Provincial participarán dez conxuntos, os tres primeiros de cada grupo, Norte, Centro e Sur e o mellor cuarto clasificado.



O Burela é o actual campión Provincial, polo que os da Marosa tentarán defender e revalidar a súa coroa

EQUIPOS INFANTIL PROVINCIAL 1ª FASE

INFANTIL PROVINCIAL NORTE

CD CASTRO
EF VIVEIRO
GUITIRIZ SD
CD FOZ
SD RIBADEO
BURELA SD
SD VIVEIRO B
AD RÍO OURO
SP PONTENOVA
RC VILLALBÉS B

INFANTIL PROVINCIAL CENTRO

RC VILLALBÉS A
ADC PIRINGALLA B
CP CASÁS A
RESIDENCIA A
CD LUGO B
SAGRADO CORAZÓN
FERROVIARIA A
MILGROSA
EF POLVORIN A
FONSAGRADA

INFANTIL PROVINCIAL SUR

SD ANTAS
AD FERROVIARIA B
SD BECERREÁ
CORGO
RESIDENCIA B

CP CASÁS B
ADC PIRINGALLA A
EF POLVORIN B
PALAS CD
SD SARRIANA



O CD Lugo B alzouse a tempada pasada co título de Copa infantil tras impoñerse na final ao Ribadeo no campo da Mina



O EF Polvorín A defenderá a súa condición de campión Provincial tras gañarse a partida a pasada tempada a Residencia e Ribadeo nun vibrante sprint final de campionato

Conta atrás para o inicio das tres ligas zonais na categoría cadete

O CAMPIONATO PROVINCIAL DISPUTARÁN 7 EQUIPOS, os dous mellores clasificados de cada grupo e mais o mellor terceiro. O reto volve ser artellar dúas divisións de cara ao vindeiro curso

Os equipos cadete Autonómica competirán nun formato similar ao da pasada campaña, de novo con vista á configuración dunha Primeira e Segunda División que non puideron establecerse para este curso.

A campaña comenza a vindeira fin de semana cos equipos divididos en tres grupos: Norte, Centro e Sur. En ligas a dobre volta, que culminarán a final de ano, cando se decidirá que conxuntos se clasifican para disputar o campionato Provincial. Superarán o corte os dous primeiros clasificados de cada unha das ligas, máis o mellor terceiro.

Así, de cara á segunda fase, establecerase unha competición provincial con sete equipos en liza, un menos que na pasada temporada. O gañador da liga conquistará o título lucense, agora en posesión do EF Polvorín, vencedor dun vertixinoso final o pasado curso. Ademais, estarán en xogo outras dúas prazas para disputar a promoción de Ascenso á Liga Galega cadete, unha das que máis se resiste ao fútbol lucense

21

CONXUNTOS INSCRITOS

A competición mantén o formato da pasada temporada cos equipos divididos en grupo Norte, Centro e Sur na primeira fase da temporada

que, nos últimos anos, só contou o ascenso da Milagrosa.

Un camiño que na temporada 2018-2019 non puido completar ningún equipo lucense, xa que nin o conxunto amarelo, nin tampouco Residencia e Ribadeo conseguiron acadar o soño do salto de categoría. O ascenso aparece de novo no horizonte destes clubs.

O Provincial non será o único campo no que os equipos diriman a súa sorte de cara á vindeira temporada. Na folia de ruta da Federación Galega de Fútbol segue a vontade de configurar dúas divisións polo que, ao igual que no curso pasado, na segunda fase, sete equipos disputarán unha liquiña de Play Off para decidir que conxuntos completarán o equipo de Primeira División

3

LOITARÁN POLO ASCENSO

As tres primeiras prazas do provincial serán as máis cobiçadas xa que darán opción de disputar a fase de ascenso á Liga Galega

autonómica. O resto dos equipos comezarán o 2020 disputando o Título de Torneo Delegación.

EQUIPOS CADETE PROVINCIAL 1ª FASE

CADETE PROVINCIAL NORTE

CD FOZ
SD VIVEIRO
ED LOURENZÁ
RC VILLALBÉS B
SD BURELA
SD RIBADEO
XOVE LAGO

CADETE PROVINCIAL CENTRO

EF POLVORÍN A
ADC PIRINGALLA A
CD CASTRO
SAGRADO CORAZÓN
RESIDENCIA B
AD FERROVIARIA
CP CASÁS

CADETE PROVINCIAL SUR

SD BECERREÁ
RESIDENCIA A
SD MONTERROSO
ANTAS SD
ADC PIRINGALLA B
SD SARRIANA
EF POLVORÍN B



A Milagrosa foi na tempada 2017/2018 o último equipo que deu o salto de categoría dende Provincial a Liga Galega



O Rácing Villalbés B asinou o ascenso a finais da pasada tempada tras impoñerse ao Calasanz B cunha exhibición no partido de volta disputado no Estadio Roca

A categoría xuvenil renóvase coa creación de Primeira e Segunda

OS EQUIPOS DE PRIMEIRA comezarán o vindeiro 5 de outubro unha liga a dobre volta na que os tres primeiros clasificados lograrán unha praza para disputar a fase de ascenso á Liga Galega

A competición xuvenil estrea formato ao crearense dúas categorías, daccordo co previsto no curso pasado. Así, tal e como se establecera, os equipos que disputaron o provincial competirán na Primeira División autonómica nunha liga a dobre volta que comezará o vindeiro 5 de outubro.

Os tres primeiros clasificados disputarán a Fase de Ascenso á Liga Galega xuvenil, tratando de seguir os pasos marcados polo Rácing Club Villalbés B que a temporada pasada deu o salto.

Milagrosa e Castro, que o ano pasado estiveron na terna de aspirantes, e EF Polvorín, SD Ribadeo e SD Sarriana, que quedaron ás portas, son a priori candidatos a ocupar os postos altos da táboa.

A outra loita estará na zona baixa, xa que os últimos clasificados —queda por determinar cantos— descenderán automaticamente a Segunda División.

A nova categoría de prata disputarase cos

equipos divididos en dous grupos, Norte e Sur. Os primeiros clasificados de cada unha das ligas, que se disputará tamén a dobre volta, ascenderá directamente a Primeira Autonómica.

Os segundos e terceiros clasificados disputarán unha eliminatoria a dobre partido para definir a prioridade en caso de que sexa necesario cubrir posibles vacantes na categoría superior.

A fase decisiva da tempada arrancará a finais de novembro, ante os equipos de cada grupo disputarán unhas liguñas previas, a unha soa volta, na que estará en xogo a participación na Copa Deputación. Os dous últimos de cada liga quedarán fóra da competición.



O Polvorín alzouse a tempada pasada co título de Copa e os de Kubala parten este curso como aspirantes ao ascenso

EQUIPOS XUVENIS PROVINCIAIS

XUVENIL 1ª PROVINCIAL

GRUPO ÚNICO

CD CASTRO
RESIDENCIA B
SAN ROQUE
XOVE LAGO
MONTERROSO
RIBADEO
COSPEITO
MILAGROSA
SAN CIPRIÁN
SARRIANA
EF POLVORÍN A

XUVENIL 2ª PROVINCIAL

PREVIAS COPA GRUPO NORTE

SP PONTENOVA
CD FOZ
GUITIRIZ SD
ED LOURENZÁ
SD VIVEIRO
BURELA SD
UD PASTORICENSE
POLVORÍN FC

PREVIAS COPA GRUPO SUR

EF POLVORÍN B
CD CORGO
PALAS CD
SAGRADO CORAZÓN
SD BECERREÁ
TABOADA CF
SD ANTAS
CP CASÁS

LIGA GRUPO NORTE

UD PASTORICENSE
BURELA SD
CD FOZ
ED LOURENZÁ
SD VIVEIRO
GUITIRIZ SD
POLVORÍN FC
SP. PONTENOVA

LIGA GRUPO SUR

CP CASÁS
PALAS CD
SD ANTAS
SAGRADO CORAZÓN
SD BECERREÁ
EF POLVORÍN B
CORGO
TABOADA CF

2

CATEGORÍAS

A principal novidade da temporada é a creación de dúas categorías, Primeira e Segunda División autonómica, na que os equipos compiten en grupo Norte e Sur.



DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

CAMPIOAS DA SUPERCOPA

BURELA FSF

O EQUIPO LARANXA impúxose ao Futsi Atlético Navalcarnero na final do torneo disputado en Las Rozas e levantou o terceiro título en catro meses



O Deputado de Deportes, Efrén Castro, xunto ás xogadoras do equipo burelao no pavillón da Cidade do Fútbol de Las Rozas tras recibiren o trofeo de campioas | PRBFS

O Pescados Rubén Burela FSF segue a facer historia no fútbol sala feminino. As guerreiras laranxas van camiño de converterse en lenda tras sumar o pasado venres un título máis ao seu brillante palmarés, a Supercopa de España. O último logro duns meses extraordinarios nos que as xogadoras que adestra Julio Delgado conquistaron tamén Copa da Raíña de España e a Nations Cup de Milán.

A final da Supercopa non era un partido máis para as laranxas que tiñan que medirse ao CD Futsi Atlético Navalcarnero, campión de liga.

A excepcionalidade da cita quedou patente na cancha e nas gradas do pavillón da Cidade do Fútbol de Las Rozas, onde o Deputado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Efrén Castro, e o Concelleiro de Deportes de Burela, Ramiro Fernández, arrouparon ao conxunto burelao como representantes institucionais.

“Referentes femininos”

“Este equipo consegue que as rapazas poidan ter referentes femininos de campioas, que teñan un espello no que mirarse. Certamente son un orgullo para a Mariña e para todo o país”, valorou o deputado nacionalista tras a vitoria das burelás, 2-6. “O apoio da Deputación ao deporte feminino é clave para seguir camiñando cara a igualdade real”, remarcou.

“ESTE EQUIPO FAI QUE AS RAPAZAS POIDAN TER REFERENTES FEMININOS DE CAMPIOAS. SON UN ORGULLO PARA A MARIÑA E PARA O PAÍS”

EFRÉN CASTRO, Deputado de Deportes

Dominio burelá na final

A actuación da internacional brasileira Jane foi determinante. Á á peche, que se incorporou esta temporada ao club laranxa, marcou un hat trick que desarmou ás madrileñas e que lle serviu para levar tamén o premio á mellor xogadora da final.

A súa gran noite comezou co 0-1. O equipo burelao padeceu entón o asedio do Futsi que gozou de ocasións para empatar. A porteira do Pescados Rubén FSF Ana Romero salvou un dobre penalti lanzado por unha das grandes especialistas do mundo, Ari. Pouco despois, a veterana Leti atopouse co pau.

O Futsi perdoou e o Burela FSF non tardou en castigar a súa falta de acerto, pois Jane marcou o 0-2 segundos despois. Con todo, a acumulación de infraccións puxo de novo en atrancos ao conxunto mariñán.

No minuto 17, o Futsi dispuxo doutro dobre penalti. María Sanz asumiu a responsabilidade, pero unha Ana Romero pletórica mantivo a renda do seu equipo, que chegou ao descanso con dous tantos de vantaxe.

O cero a dous no marcador deulle tranquilidade sobre a pista ao equipo burelao, que ampliou a vantaxe novamente por medio de Jane no minuto 25. Cinco despois, o Atlético optou polo xogo de cinco, coa ex do Pescados Rubén Gaby como porteira-xogadora. Foi en van. Malia que Amelia recurto diferenzas, axiña Jenny Lores restituíu a vantaxe das mariñás.

O Burela FSF defendeu ben as acometidas do Atlético e non pasou atrancos malia defender en inferioridade. De feito, Jozi aproveitou para marcar desde a súa portaría e aínda que Anita Luján obrou o 2-5, Ale de Paz puxo de seguido o 2-6 no marcador, completando a gran noite das incorporacións do Pescados Rubén para a presente tempada.

Segunda Supercopa

A do pasado venres é segunda Supercopa de España para o Burela FSF que xa se fixera co título que disputan campioas de Liga e Copa da Raíña no ano 2015. Daquela, as guerreiras laranxas venceran tamén ao Futsi Atlético Navalcarnero.



DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

